



Liñaxes galego-cataláns en Sardeña. Os Masones-De Lima Soutomaioir na defensa da illa durante a Guerra de Sucesión Española

Salvatore Pinna¹

Recibido: 5 de setembro de 2023 / Aceptado: 20 de decembro de 2023

Resumo. O artigo investiga a rama sarda da familia galego-catalá Masones-De Lima-Soutomaioir e o papel desenvolvido por algúns dos seus membros nos campos militar e diplomático, así como na defensa da illa durante a Guerra de Sucesión Española. Grazas aos datos inéditos procedentes do Arquivo Histórico Diocesano de Núoro e do Arquivo Histórico Nacional de Madrid, reconstrúese a xenealoxía completa da familia. Por unha banda, subliñase así a importancia que a cidade (daquela, vila) sarda mantiña nesa época, por mor das súas condicións socio-económicas dignas das cidades máis grandes. Pola outra, é posíbel describir as figuras ilustres desta familia, sen o veo de indecisión causado polas numerosas homonimias. Finalmente, o estudo proporciona novos fíos de conexión entre Galicia e Sardeña, amosando, deste xeito, a plena pertenza da illa sarda á realidade da monarquía hispánica con todos os seus territorios, máis alén dos que formaban parte da Coroa de Aragón.

Palabras chave: Soutomaioir; Masones; Sardeña; Núoro; Guerra de Sucesión Española.

[es] Linajes gallego-catalanes en Cerdeña. Los Masones-De Lima Sotomayor en la defensa de la isla durante la Guerra de Sucesión Española

Resumen. El artículo investiga la rama sarda de la familia gallego-catalana Masones-De Lima-Sotomayor y el papel desarrollado por algunos de sus miembros en los campos militar y diplomático, así como en la defensa de la isla durante la Guerra de Sucesión Española. Gracias a los datos inéditos procedentes del Archivo Histórico Diocesano de Nuoro y del Archivo histórico Nacional de Madrid, se reconstruye la genealogía completa de la familia. Por un lado, se subraya así la importancia que la ciudad (por aquel entonces, villa) sarda mantenía en esa época, gracias a sus condiciones socio-económicas dignas de las ciudades más grandes. Por el otro, es posible describir las figuras ilustres de esta familia, sin el velo de indecisión causado por las numerosas homonimias. Finalmente, el estudio proporciona nuevos hilos de conexión entre Galicia y Cerdeña, mostrando, desta manera, la plena pertenencia de la isla sarda a la realidad de la monarquía hispánica con todos sus territorios, más allá de los que formaban parte de la Corona de Aragón.

Palabras clave: Sotomayor; Masones; Cerdeña; Núoro; Guerra de Sucesión Española.

[en] Galician-Catalan Lineages in Sardinia. The Masones-De Lima Soutomaioir in the Defence of the Island during the War of the Spanish Succession

Abstract. The article investigates the Sardinian branch of the Galician-Catalan Masones-De Lima-Sotomayor family and the role played by several of its members in the military and diplomatic fields, as well as in the defence of the island during the War of Spanish Succession. Thanks to unpublished data from the Diocesan Historical Archive of Nuoro and the National Historical Archive of Madrid, the complete genealogy of the family is reconstructed. On the one hand, it underlines the importance that the Sardinian town (then called villa) maintained at that time, thanks to its socio-economic conditions worthy of the larger towns. On the other hand, it is possible to describe the illustrious figures of this family, without the veil of indecision caused by the numerous homonyms. Finally, the study provides new threads of connection between Galicia and Sardinia, showing, in this way, the full belonging of the Sardinian island to the reality of the Hispanic monarchy with all its territories, beyond those that were part of the Crown of Aragon.

Keywords: Sotomayor; Masones; Sardinia; Nuoro; War of the Spanish Succession.

¹ Università Telematica Pegaso, Italia / Grupo de investigación Histagra, Universidade de Santiago de Compostela / Arxiu de Tradicions (AdT), Cágliari (Sardeña).
Correo-e: salvatore.pinna@unipegaso.it. ORCID: <https://orcid.org/0000-0001-9158-5240>.

Sumario. 1. Introducción. 2. As raíces galegas e catalás. 3. O contexto histórico sardo: o condado de Montalbo, a familia Manca e a vila de Núoro. 4. Novos datos xenealóxicos. 4.1. O vínculo con Núoro das varias xeracións da familia. 4.2 Xosé e Francisco, os nuoreses ilustres. 5. O papel da familia na Guerra de Sucesión española. 6. Conclusións. 7. Referencias bibliográficas.

Como citar: Pinna, Salvatore (2023): “Liñaxes galego-catalás en Sardeña. Os Masones-De Lima Soutomaior na defensa da illa durante a Guerra de Sucesión Española”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 26, e104118, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.104118>.

1. Introducción

Tense escrito moito en Galiza sobre a familia Soutomaior, por ser unha das principais e máis ilustres liñaxes galegas, da cal destacan tanto o espectacular castelo que lle pertencía (situado no concello homónimo da provincia de Pontevedra), como a debatida identificación de Pedro Álvarez de Soutomaior (máis coñecido como Pedro Madruga) co célebre navegante xenovés Cristovo Colón. Pola outra banda, profundouse pouco ou nada no estudo da rama sarda da familia, emparentada coa liñaxe dos Masons de orixe catalá, a cal desenvolveu un papel crucial na historia da illa nos séculos XVII e XVIII. Semellante falta de estudos detallados destaca incluso na mesma Sardeña, onde as poucas mencións e estudos xenealóxicos subliñan basicamente a presenza dalgúns membros en Cágliari, a capital do vicerreinado. Isto débese en parte ao prexuízo segundo o cal toda a vida política e gran parte das relacións económicas tiñan lugar nela, e aos poucos historiadores que deciden investir tempo e enerxías en estudar os arquivos menores e locais.

O traballo de investigación no Arquivo Histórico Diocesano, no Arquivo Histórico Provincial e nalgún arquivo privado de Núoro², pequena cidade de 37.000 veciños e veciñas situada no interior montañoso de Sardeña, onde a familia estableceu unha das súas residencias,

é de grande axuda para a reconstrución da árbore xenealóxica desta liñaxe. Outros documentos, atopados nos arquivos sardos e cataláns³, completan e enriquecen a biografía dalgúns dos seus membros, restituíndo tanto a Galiza como a Cataluña unha pequena pero importante parte da súa historia, e outórganlle a Núoro un papel de prestixio na vida dos nobres da illa.

2. As raíces galegas e catalás

As dúas familias que se presentan neste estudo, os Soutomaior e os Masones (ou Masones, segundo a grafía orixinal⁴), diferéncianse non só pola súa procedencia xeográfica (Galicia e Cataluña), senón tamén polo prestixio que as distinguíu ao longo da historia.

Os Soutomaior son, de feito, unha das liñaxes ilustres máis antigas de Galicia, segundo relata o historiador e xenealoxista galego Vasco da Ponte (1470-1535) na súa obra *Relación dalgunhas casas e liñaxes do Reino de Galiza*⁵:

casa muy antigua en este Reino de Galicia, cuyos señores así como eran antiguos casaban con mugeres de alta sangre, que en aquel tiempo no se usaba casarse los caballeros con hijas de perlados ni de hombres ricos por mucho que ellos tuviesen, no siendo hidalgos, y menos con linaje de judíos.

As súas orixes radican tan lonxe no pasado⁶, que é imposíbel distinguir entre realidade e lenda, alimentada esta última por falsos posmedievais⁷ que relacionan os seus proxenitores co rei visigodo Ervixio⁸, quizais no intento de xustificar, esaxerándoa, a súa nobreza.

O personaxe máis coñecido da liñaxe é sen dúbida D. Pedro Álvarez de Soutomaior, alcumado Pedro Madruga. Obtivo de Enrique IV o título de vizconde de Tui, e o rei de Portugal, don Afonso V, nomeouno conde de Camiña. Restaurou o castelo de familia e introduciu as armas de fogo en Galiza, durante a Guerra Irmandiña. Foi neta do seu neto, Pedro V de

² Arquivo privado da familia Nieddu (antigos nobres nuoreses, descendentes do primeiro titulado, Xoán Nieddu Pugione, 13 de marzo de 1713).

³ Arquivo privado da familia Amat di San Filippo, Cágliari; Arquivo Histórico Nacional, Madrid.

⁴ Ao longo do artigo, adoitarase a grafía castelanizada Masones, xa que foi a única usada pola familia nos documentos examinados.

⁵ Ponte 1986: 218.

⁶ Ubieto Arteta 1985: 40.

⁷ Seguíñ 1646. Sobre os estudos que amosan a falsidade deste cronicón, véxanse, entre outros: Souto Cabo 1994, 2007.

⁸ Pinto de la Rosa 1948: 5.

Soutomaior, dona D. Francisca Luisa de Sotomayor y Noroña, IV vicecondesa de Crecente. Esta casou en 1638 con D. João Fernandes de Lima e Brito Nogueira⁹, I marqués de Arcos, mestre de campo xeral na fronteira de Galiza, gobernador das Armas de Castela a Vella e gobernador e capitán xeneral da praza de Ceuta, cabaleiro de Alcántara, comendador e alcalde maior das vilas de Mora e Puente delina, tenente xeral do exército de Cataluña, onde se atopaba en 1647¹⁰. O 13 de xullo de 1644, ao título de vicecondes de Crecente engadiuse o de marqueses de Tenorio, concedido por Filipe IV. Dona Francisca morreu en Madrid en data posterior ao 13 de maio 1666, día no que se redactou o seu testamento, no cal pedía como lugar de sepultura o convento de San Francisco¹¹. A terceira filla desta parella foi Juana de Lima e Brito de Soutomaior e Noroña, que casou con José Efisio Masones y Manca de Guiso (léase /Güiso/), III Conde de Montalbo en Sardeña.

Pola outra banda, a liñaxe dos Masones (ou Masons, segundo a grafía orixinal catalá) non presume de tanta antigüidade coma a anterior, xa que o seu proxenitor foi Joan Masons¹², natural de Sant Celoni en Cataluña, quen, cara ao final do século XVI, casou con Isabel Segura de Ornabe¹³. Dos seus fillos xurdiron as dúas ramas da familia. A que é de interese nesta sede orixinouse do fillo menor, Filipe Masones y Segura, quen casou coa sarda Michela Serra. Tiveron dous fillos: Francisco José e Antonio, quen foi mestre racional da cidade. Francisco José casou con Lucrecia Corellas e foi padre de Juan Estevan, vicario (*veguer*) de Cágliari en 1632, primeiro Conde de Montalbo¹⁴. Foi

seu bisneto o devandito José Efisio Masones y Manca de Guiso.

3. O contexto histórico sardo: o condado de Montalbo, a familia Manca e a vila de Núoro

O Condado de Montalbo (hoxe en día *Condado de Montalbo de Aragón* trala súa restauración no ano 1929¹⁵) foi creado por Filipe IV a 8 de febreiro de 1646¹⁶ en favor do devandito Juan Estevan Masones y Corella, señor da baronía de Posada, territorio formado polas vilas de Posada (co seu castelo medieval dito *della Fava*, isto é, ‘do faballón’), Siniscola, Torpé e Lodé, ademais das hoxe desaparecidas vilas de Sulla e Arischion, xa despoboadas nesa época. O catalán mercara o feudo de Agustín Portugués Truxillo, VI e derradeiro barón da liñaxe dos Portugués (que posuían eses territorios dende o 1579¹⁷) por 43000 libras sardas en 1642¹⁸.

Juan Estevan casou con dona Beneta Sanna y Castellví, filla de José Sanna y Cervellón, IV barón de Gésico, e de Eulalia de Castellví y Aymerich. Desta parella, que tivo numerosos descendentes, naceu Félix Ignacio, bautizado en Cágliari en 25 de febreiro de 1629. Este, a 22 de setembro de 1645, recibiu o título de cabaleiro de Santiago por mercé de Filipe IV¹⁹. En 1652, trala morte do seu pai (xuño 1651) volveuse II Conde de Montalbo, Barón de Posada e señor do Castelo *della Fava*. A 20 de setembro de 1652 casou en Cágliari con dona Elena Manca, filla do nuorés don Antonio Manca y Guiso, I Marqués de Albis²⁰, e de dona María Santos y Escarchoni de Cágliari. Talvez sexa esta unión o motivo do arraigamento dos seus

⁹ Naceu cara ao final do século XVI ou ao comezo do XVII no Convento de Santo António, Ponte de Lima, Viana do Castelo. Os seus pais eran D. Lourenço de Lima Brito Nogueira, VII viceconde de Vilanova de Cerveira, e Luisa de Távora.

¹⁰ Santiago Crespo 1997: 112.

¹¹ Archivo Histórico Nacional, OM-CABALLEROS_SANTIAGO, Exp.5006, f.27r: “Testam[en]to de d[on]a Fran[cis]ca Luisa de Sotomayor abuela materna del pretend[en]te”.

¹² O apelido orixinario é *Massons*, cuxa orixe pódese establecer na palabra catalá *Masó* ou *Massó*, co significado de ‘casa’, ‘morada’. O apelido é pouco frecuente e rexistrado exclusivamente na cidade e na comarca de Barcelona.

¹³ Ficha da familia Masons, na web da *Associazione Araldica Genealogica Nobiliare della Sardegna*: http://www.araldicasardegna.org/genealogie/dizionario_onomastico_familiare/masones.pdf.

¹⁴ Arquivo Amat, Test 47.

¹⁵ Real Decreto nº 1548 de rehabilitación do Condado do Montalvo de Aragón de 20 de xuño de 1929.

¹⁶ De Fluvià y Escorsa 1966: 30.

¹⁷ Oggianu 1957: 33.

¹⁸ Loddo-Canepa 1954.

¹⁹ Tasca 2011. O documento orixinal consérvase no Archivo Histórico Nacional, OM-CABALLEROS_SANTIAGO, Exp.5007, e Expedientillo, leg. 78, nº 7600.

²⁰ Pinna 2019. O Marquesado de Albis foi creado o 12 de agosto do 1651 por Filipe IV. Reunía as baronías de Ússana e de Orosei, poseídas pola familia Manca e Guiso, respectivamente.

descendentes en Núoro, como se verá ao longo do artigo. De feito, don Antonio era neto do nuorés don Gabriel Manca y Pirella (léase /Pirella/), barón de Ússana, é dicir fillo do seu fillo Juan Fabricio Manca y Guiso, nado en Núoro en 1577²¹. Na listaxe dos bens de don Antonio cítanse: “les cases antigues que eran del barò Manca situades en lo vezinat de (la esglesia de) St. Salvador (en Núoro, Imaxe 2); item lo vergueret devant de dites cases; item un troset de territori situat a prop de d(it)es cases”²².

Os documentos amosan numerosos indicios sobre o uso destas residencias por parte da familia Masones-Soutomaior, xa que a súa presenza estábel en Núoro intúese tanto polas convocatorias das Cortes de Sardeña en 1666, onde entre os nobres da vila aparece o “egregi conde de Montalvo”²³, coma pola existencia de serventes da familia: Cristobal Carta

de Núoro é mencionado como criado de don Félix Ignacio Masones no testamento do seu fillo Francisco²⁴. Seguramente, na mesma casa viviu sucesivamente o fillo primixenio de dona Elena, don José Masóns y Manca de Guiso²⁵, que casou con Juana de Lima y Soutomaior²⁶.

Daquela, a vila de Núoro contaba cunha poboación de, aproximadamente, 3000 habitantes. Malia non ser cidade, segundo relata o historiador Francisco de Vico y Arteaga,

en su cielo y suelo y otras calidades es señalada entre todas las deste Reino, porque es muy gra[n]de y muy habitada y sus vecinos muy principales, ricos, de gra[n]de industria, habilidad e ingenio, y se tratan tan bién como los de cualquiera ciudad del Reino. (...) No menos la ha hermosteado y enriquecido naturaleza a esta villa que a las demás de la diócesis que hemos no[m]brado, dándoles muy fértiles territorios,



Imaxe 1. O Montalbo, ou Monte Albo, en Sardeña, que dá o nome ao condado, na súa parte cara á vila de Lodè. Fonte: Wikimedia Commons, Licencia CC, autor “trovalg”.

²¹ RAH, T-69: f. 5v.

²² ASC, atti notarili, atti legati, 81: f. 13v.

²³ Archivio di Stato di Cagliari, Antico Archivio regio, Serie 3, Cat. III, Parlamenti, Cod. Un. 21, Parlamento Camarassa.

²⁴ Archivo Amat, Test 78.

²⁵ En varios documentos lese “de Guiso” no apelido do Masones. O motivo, quizais, é marcar a descendencia dos antigos baróns de Orosei e Galtelli, unha das familias nobres máis antigas da illa.

²⁶ Outro fillo era don Francisco Masones y Manca de Guiso, que fixo testamento en Cagliari a 24 de xullo de 1708. O documento é custodiado no arquivo Amat, coa sinatura TEST 78. Morreu dous días despois.

montes y valles muy abundantes, ríos y fuentes amenas y muy deleitables y aú[n] las lleva no pequeña ventaja en la abundancia de los olivares que tiene, que son muchos y muy pingües de aceite²⁷.

Sen dúbida, todas estas condicións levaron os Condes a elixir a vila coma unha das súas residencias habituais. En efecto, como subliñado por Vico Artea, Núoro era sede de moitos *printzipales*²⁸, algúns dos cales posuían título de nobreza, como no caso dos Pirella (título de cabaleiro e nobreza no 1630)²⁹, dos devanditos baróns Manca, dunha rama dos Minútili (orixinaria de Nápoles, mudárase a Sardeña cara ao final do século XV)³⁰, e dos Nieddu, aínda que estes obtiveron o título só en 1705. Ademais,



Imaxe 2. Igrexa do Santísimo Salvador en Núoro, que dá o nome ao barrio onde se localizaba a casa dos Manca e dos Masones. Da antiga estrutura quedan os arcos da nave e o cruceiro do altar maior, en estilo gótico-catalán.

Foto do autor.

a vila era sede dun tribunal³¹ e de moitos notarios, sumando así unha serie de vantaxes ideais para desenvolver negocios e trámites dun certo nivel.

4. Novos datos xenealóxicos

As informacións xenealóxicas inéditas sobre a familia Masones-De Lima-Soutomaior proceden, case todas, do arquivo histórico diocesano de Núoro, especificamente do primeiro tomo do rexistro de bautizos, matrimonios e defuncións, cuxo comezo remonta aos anos 1646 (en canto aos datos de matrimonio e defunción) e 1667 (bautizos).

Destas cartas, é posíbel establecer a presenza na vila da familia de orixe galega-catalá, ou, mellor dito, das familias, xa que se deduce a existencia de diversas ramas.

4.1. O vínculo entre Núoro e as varias xeracións da familia

Antes de comezar a listar os personaxes nuoreses da familia, hai que adiantar que o arraigamento na vila, motivado pola descendencia dos Masones dos autóctonos Manca-Guiso, amosa diferentes niveis segundo a época considerada. No primeiro nivel colócanse aqueles compoñentes da familia que, malia ser naturais da cidade de Cágliari, casaron ou bautizaron fillos na parroquia nuorés de Santa María. Isto demostra a afección á vila ou, polo menos, un uso estratéxico da residencia coa finalidade de controlar o feudo (localizado na costa oriental, e bastante ben comunicado con Núoro) dende un entorno con características, tal vez, mellores que nos centros do feudo mesmo, tanto pola presenza da devandita estrutura social e económica, bastante complexa e moi parecida a aquela das urbes, como das características ambientais, é dicir a calidade do aire e un clima mitigado, que diminuíu o risco de contraer enfermidades parasitarias típicas das zonas pantanosas e cálidas.

Neste primeiro caso cabe a unión de don Josep Ignacio Masones y Pinna (Cágliari, 27 de setembro de 1633 - Cágliari, 10 de agosto de 1658) con dona Ana María de Silva e Castellví

²⁷ Vico y Artea 2004: 115.

²⁸ Palabra sarda que indica os veciños máis poderosos e ricos dunha vila, a miúdo considerados de rango nobre, aínda que sen título oficial. Na Idade Media e ata o século XVI, estas persoas eran chamadas *donnu* (do latín *dominus*).

²⁹ Pinna 2018.

³⁰ Pinna 2020.

³¹ Porru 2016: 24; Pinna 2022: 149.

(Cagliari, 8 de setembro de 1629 - 3 de marzo de 1683). A bendición da parella impartíuse en Núoro a 21 de novembro do ano 1656 polo cura Bertomeu Pirella Melis. As testemuñas da voda pertencían ao mesmo ámbito familiar: don Carlos Manca-Guiso, II marqués de Albis³², e don Félix Masones, conde de Montalbo. Aínda que ningún fillo desta parella viu a luz na vila, unha irmá de don Josep Ignacio, dona Beneta, faleceu alí a 22 de xullo de 1674³³.

O 29 de xuño de 1670 bautizouse Pedro Francisco Masones y Guiso, fillo de Francisco Masones y Sanna (fillo de Juan Estevan e Beneta Sanna y Castellví) e de “Eulalia Guiso y Santus”. Considérase que o nome Eulalia é un erro de trascrición, xa que Francisco casou con Laura Guiso y Santus, que morreu en Cagliari no 1674.

Outro documento que manifesta este tipo de arraigamento é a carta que don Juan Estevan Masones y Corella enviou en 1650 ao ministro provincial dos franciscanos. Nela, descríbese a situación da orde relixiosa nos territorios de Núoro e de Bitti. O feito de que o barón de Posada falase de territorios que non lle pertencían non é tan singular, se se considera a ausencia de conventos franciscanos nos seus territorios³⁴:

En todos estes distritos, marquesados, condados e baronías³⁵, non hai convento de ningunha relixión, agás que na rexión de Núoro, onde se atopa un convento antigo, fabricado á perfección, pertencente á dita orde seráfica da observancia. (...) A devandita vila de Núoro é un dos principais poboados deste reino, con outras tres vilas, que poderían manter dous ou incluso tres conventos. O devandito convento xestiona a recollida da esmola dos distritos de Nuoro, Bitti e das vilas de Benetutti, Orune e Nule, pertencentes ao ducado de Gandia, pero que son raianas á dita vila e convento de Núoro³⁶.

O segundo tipo de arraigamento é o que caracteriza a parella formada por don José Efisio Masones de Manca y Guiso e dona Juana Micaela de Lima e Soutomaior. El, fillo do antedito don Félix, era natural de Cagliari, onde foi bautizado o 5 de marzo de 1656, e ela de Ceuta, onde recibiu o sacramento o 25 de febreiro de 1655³⁷. As capitulacións matrimoniais foron redactadas a 28 de marzo de 1678 na vila de Sicci (hoxe en día, barrio de Dolianova)³⁸, aínda que a voda debeuse de oficial xalundes, xa que non consta ningunha acta matrimonial nin nos rexistros parroquiais de Sicci nin naqueles da parroquia de San Pantaleo (excatedral de Dolianova). Os fillos e fillas da parella, considerados ata hoxe naturais exclusiva ou principalmente da cidade de Cagliari, en realidade viron á luz en tres lugares diferentes da illa, Cagliari, Posada e Núoro:

1. Félix Luís Antonio Estevan Salvador Fernando, bautizado o 30 de decembro de 1679 en Núoro; foron padriños o seu avó don Félix Masones, conde de Montalbo, e a súa muller dona Elena Manca de Guiso; o celebrante foi don Ramón Masones, posibelmente un irmán do avó paterno.
2. María Benita Antonia Francisca Theresa, bautizada o 22 de xuño de 1681 en Núoro; foron padriños don Francisco Masones y Guiso e María Euxenia Guiso y Manca.
3. Félix Fernando, bautizado o 3 de decembro de 1684 en Cagliari; foron padriños don José Delitala, gobernador da cidade, e dona María Manca y Sanjust.
4. Benita Nicolosa Antonia Francisca Juana Gertrude, bautizada o 31 de maio 1686 en Núoro; foron padriños o seu tío don Juan Estevan Masones y Manca e dona Laura Masones y Manca;

³² Era fillo de don Antonio Manca y Guiso; é dicir, irmán de Elena, madre de Josep Masones e Manca.

³³ Trátase de Ana Beneta Masones y Pinna, bautizada en Cagliari en 26 de marzo de 1641. Na ficha da familia Masones da *Associazione Araldica di Sardegna* lese que “probablemente faleceu en Cagliari a 2 de xullo de 1641”, pero nos datos do arquivo diocesano da mesma web non aparece. Non se pode tratar de dona Beneta Sanna e Castellví, muller do primeiro Conde de Montalbo José Estevan Masones, porque esta faleceu en Cagliari en 23 de xaneiro de 1668. Pola outra banda, na xenealoxía non figuran outras mulleres deste nome.

³⁴ Archivio dell'Ordine dei Frati Minori di Cagliari, n. 737, 22 de outubro de 1650.

³⁵ Refírese aos seguintes feudos: o condado de Montalbo, a baronía de Posada e o marquesado de Álbis (que incluía as baronías de Orosei e Galtellí, e a de Ússana).

³⁶ Este texto, a diferenza dos outros, cítase en galego porque o autor, hai anos, non o transcribiu no seu orixinal en castelán mais cunha tradución ao italiano. Reescribiu en castelán sería falsear o orixinal.

³⁷ Archivo Histórico Nacional, OM-CABALLEROS-SANTIAGO, Exp. 5006, f. 26r.


³⁸ *Ivi*, ff. 22v-23r.

5. Juana Cathelina Jauma Antonia, bautizada *in articulo mortis* pola comadre Antonia Bruana, o 10 de decembro de 1690 en Núoro; foron padriños don Luís Masones e dona María Masones;
6. José Ignacio Antonio Simón Francisco Luís, bautizado o 23 de outubro de 1692 en Núoro; foron padriños o doutor e canónico Juan Antonio Nieddu Guiso, e dona María Gracia Cóntena de Minútili;
7. Francisco María Antonio José Jaime, bautizado en Núoro o 4 de decembro de 1694; foron padriños Pedro Monserrate Guiso e Gasparrina Nieddu Guiso.
8. María Ignacia, bautizada polo cóengo don Isidro Masones y Nin o 21 de novembro de 1701 en Cágliari; foron padriños o Dr. Don

Joseph de Mores, prorexente da Real Audiencia e Dona Marianna Piquinoti, veciña de Cágliari.

A estes hai que engadir dous fillos máis: Jaime, que na literatura aparece como nado en Cágliari a 19³⁹ ou 22 de decembro de 1696⁴⁰. En realidade, viu a luz en Posada, onde foi bautizado o 19 de decembro, recibindo os nomes *Jayme Maria Thomas Antonio*⁴¹. As considerábeis doazóns á parroquia da vila feitas polo nobre no seu testamento (ditado en Madrid a 28 de febreiro de 1778⁴²) denotan o afecto por ese lugar.

Outra filla, descoñecida ata agora, é Elena María Manuela, bautizada o 5 de febreiro de 1698⁴³. Posibelmente morreu nena, pois non se atopa mencionada nos testamentos dos seus pais.



Imaxe 3. O convento de San Paulo en Núoro, nun debuxo de L. Agabiti, 1882.
Fonte: copia en poder do autor.

³⁹ De Sancha 1787: 312.

⁴⁰ Ozanam 2001: 2.

⁴¹ Biblioteca Regionale di Cagliari, diocesi di Nuoro, microfilm, Posada, bobina 403, battesimi 1688-1711 Vol. 05, f. 26v.

⁴² Arquivo privado da familia Amat di San Filippo, Cágliari, TEST 48: testamento orixinal de Jaime Masones de Lima, no cal o nobre deixa a metade das rendas do condado de Montalbo para o beneficio da igrexa de san Antonio en Posada, “en donde he sido bautizado”. A outra metade ía destinada aos pobres da vila. Ademais, doou á igrexa “toda mi Capilla y Oratorio que tengo en esta Corte y casa que tengo en esta Corte y casa con los basos sagrados, ornamentos y quanto le pertenece en su Completo; y à demas de esto le añado (si existiesen aun en mi poder) doce quadros de la istoria del Viejo Testamieto y las seis Laminas dela Pasión que todas estan actualmente en mis quartos Interiores de esta casa de mi avitacion”. Jaime morreu o seguinte 3 de marzo.

⁴³ Biblioteca Regionale di Cagliari, diocesi di Nuoro, microfilm, Posada, bobina 403, battesimi 1688-1711 Vol. 05, f. 30r.

Os rexistros de defuntos infórmanos doutro dato descoñecido ata agora: dona Juana de Lima morreu en Núoro a 22 de setembro 1705⁴⁴. Segundo as súas últimas vontades, o seu corpo foi soterrado no convento de san Paulo dos franciscanos menores (Imaxe 3), mosteiro polo cal xa se viu que a familia tiña especial cariño, xa que fora fundado no 1593 por Gabriel Manca y Pirella, tataravó por parte materna de José Masones y Manca (quen, no seu testamento, deixou vinte escudos para a celebración no cenobio de misas para a súa alma⁴⁵). Segundo a acta de defunción, dona Juana fixo testamento co notario nuorés Pedro Nieddu Guiso; aínda que o documento non se atopa nos rexistros notariais do mesmo escribán, conservados no *Archivio di Stato* (Arquivo Histórico Provincial) de Núoro, unha cláusula de herdanza contida no documento transcribiuse entre as probas para a obtención do título de cabaleiro de Santiago do seu fillo Félix Fernando:

...doña Juana de Lima y Sotomayor hixa legítima y natural de los excelentísimos Señores Juan Fernández de Lima y Brito y doña Francisca Luisa de Sotomayor y Morgua señores de Sotomayor marqueses de Tenorio (...) el dicho mi hixo don Félix es mi primojenito y mayorazgo le dejo todos mis vienes haberes acciones y derechos.

Por mor da repetición dos nomes non é doado identificar os fillos menos famosos da liñaxe, mais co auxilio de noticias ofrecidas en diversas xenealoxías, e a través do razoamento, é posíbel formular algunha hipótese coherente.

É de axuda a listaxe de fillas e fillos feita por dona Juana no seu testamento⁴⁶, que respecta parcialmente a orde de nacemento:

- Félix, que menciona como primixenio
- María
- José
- Francisco
- Jaime
- María Ignacia

As fillas Juana Cathelina e Benita Nicolosa non están mencionadas, xa que faleceron en Cagliari a 22 de agosto de 1699 e o 6 de xuño 1703, respectivamente. En canto a Félix Luís, aínda que nin en Nuoro nin en Cagliari consta a súa morte, posibelmente ocorrida en Posada ou Siniscola, os seus moitos nomes quizais sexan a razón pola que na *Gran Enciclopedia Galega* menciónanse tres fillos da parella que supostamente morreron nenos: Fernando, Antonio e Luís⁴⁷. O seu falecemento prematuro demostrase co feito de que, nas probas para o título de cabaleiro de Félix Fernando, aparece a transcripción do bautizo do pretendente, permitindo identifiqualo co nado en Cagliari en 1684, aínda que a nai o mencione como primixenio, antepoñéndoo a María no elenco.

Félix Fernando foi o III Duque de Soutomaior e casou, a 27 de xaneiro de 1715, coa súa curmá Laura Masones y Martin de Saluzo, filla de Ramón Masones y Manca de Guiso e de Ana Martin de Saluzzo y Masones.

4.2. José e Francisco, os nuoreses ilustres

Estabelecido cales dos descendentes faleceron nenos, pódense recoñecer nos dous fillos nuoreses supérstites os membros menos famosos desta familia. José Ignacio Antonio Simón Francisco Luís, nado en Núoro a 23 de outubro de 1692, foi coronel da infantaría de Galiza e gobernador de Canarias.

Na biografía da Real Academia da Historia o ano de nacemento corresponde:

Masones de Lima y Sotomayor, José. Cagliari (Italia), 1692 - Santa Cruz de Tenerife, 9. IX. 1745. Militar. Tercer hijo de José Masones y Manca, conde de Montalvo (1656-1730), natural de Caller, y de Juana de Lima y Sotomayor (Ceuta, 1655).

O coronel José Masones de Lima foi nomeado rexente do terzo de infantaría de Galiza por Filipe V, a 20 de febreiro de 1725⁴⁸. Fixérase promotor da restauración do terzo, empurrando polo seu recoñecemento como herdeiro do Terzo vello de Lombardía, segundo varios documentos custodiados no Arquivo Histórico Nacional:

⁴⁴ Arquivo Histórico Diocesano de Núoro, actas de defunción, libro 2, f. 90v.

⁴⁵ Moreddu 2017: 641.

⁴⁶ Arquivo Histórico Nacional, OM-CABALLEROS-SANTIAGO, Exp.5006, f. 21v.

⁴⁷ Cañada 2003, v. 41: voz *Soutomaior*.

⁴⁸ Gaceta de Madrid 1725: 32.

Joseph de Lima, Masones, Coronel del Regim[ien]to de Infantería de Galicia, puesto a los R[eales] P[ie]s de V. M., dice: que para maior justificación de ser el Regim[ien]to del suplicante el verdadero antiguo de Lombardía, q[ue] entero pasó a Flandes el año 1567, presenta dos fees de oficios originales de aquellos estados, autorizados en la mas solemne forma; la primera de los primeros, y ultimos Maestros de Campo que tubieron en los mismo Payses los seis Regim[ien]tos de Ynfantería q[ue] militavan en ellos al principio del presente siglo, con noticia del origen de cada uno; y la segunda, con expresión individual de todos los m[est]res de Campo q[ue] tubo el Regim[ien]to de Galicia desde el referido año de 1567. [segue unha listaxe dos mestres de campo] Por tanto A V. M. Sup[li]ca q[ue] en vista de d[ic]has fees de oficios (mandandoselos restituir, quedando copiadas por ser Originales) se sirva declarar al Regim[ien]to del sup[li]cante por el antiguo de Lombardía con la absoluta preferencia al que lleva este nombre, y a los demas del exercito q[ue] no provaren mayor antigüedad, y q[ue] se le dè copia de los ynstrumentos, q[ue] tiene noticia haver presentando ultimam[en]te el Regimiento posterior de Lombardía, para satisfacer lo que en contra de esta pretension resultare de su contenido, como es de Justicia en que recibirá merced⁴⁹.

Presentou unha segunda instancia en 1728, cuxa copia se atopa en “El Archivo Militar” do 8 de marzo 1849⁵⁰; unha terceira, sen data, é custodiada no AHN⁵¹.

A 25 de marzo de 1732, o rei outorgoulle a chave de Xentilhome da Cámara, coa pensión correspondente⁵². Foi nomeado gobernador xeral das Illas Canarias: chegou ás Palmas de Gran Canaria a comezos de xuño de 1744, para a toma de posesión⁵³. Malia ocupar este cargo por tan só 18 meses, destacou o seu empeño en desenvolver o oficio: “Desde luego se echó de ver en Don Joseph Masones un Gefe desinteresado, un Caballero generoso, un Señor afable y popular hasta el extremo”⁵⁴.

O comezo do seu encargo coincidiu cun delicado asunto de orde pública: a sublevación na cidade de La Gomera, cuxo obxectivo era “la derogación del régimen señorial y la entrega de la isla a la Corona, librándose así de las cargas señoriales, además de la posibilidad de poner en explotación los montes con lo que se acrecentarían las áreas de cultivo, aumentando la productividad y la consiguiente acumulación de excedentes para la exportación que reportarían amplios beneficios al acogerse a los aumentos en el precio de los cereales. El aumento de la productividad llevaría aparejado el crecimiento de los diezmos, con lo que se ponía una masa mayor de productos en circulación de mercado”⁵⁵. O comandante Masones encargou o maior don Jacinto Carballo para que tomase as armas e devolvese a cidade á tranquilidade, lográndoo en pouco tempo⁵⁶.

Ademais de visitar os centros principais do seu territorio (Laguna, Orotava, Puerto, Icod, Garachico), impulsou a fundación da Universidade de La Laguna, instituída no convento de San Agostiño. Os monxes pedíronlle unha visita de inspección tras concluír a obra, preguntándolle que se encargase persoalmente de establecer a data de inauguración: presenciou a solemne apertura no domingo 25 de outubro de 1744⁵⁷.

A 27 de febreiro do ano seguinte fixo escala en Santa Cruz a escuadra francesa do Marqués de Caylus, na súa viaxe cara ás Américas, onde ía levar o arcebispo de Santo Domingo, don frade Ignacio de Padilla y Estrada⁵⁸. Os seis navíos que formaban a frota traían uns 300 doentes, para os cales o Masones puxo a dispor o lazareto, o cuartel, a igrexa e o hospital preto da torre costeira de San Xoán Bautista. Os enfermos foron illados e controlados por unha tropa de soldados, co obxectivo de evitar a difusión do contaxio⁵⁹.

⁴⁹ Archivo Histórico Nacional, DIVERSOS-COLECCIONES, 91, nº 83.

⁵⁰ Biblioteca Digital de España, Hemeroteca Digital 1849: 8 de marzo.

⁵¹ Archivo Histórico Nacional, DIVERSOS-COLECCIONES, 195, nº 9.

⁵² Gaceta de Madrid 1732: 56.

⁵³ Millares Torres 1945: 355.

⁵⁴ Viera Clavijo 1776: 432.

⁵⁵ Hernández Rodríguez 1980: 234.

⁵⁶ *Ibid.*

⁵⁷ *Ibid.* Cf. Escubedo 1928: 14.

⁵⁸ Cidade de México, 1696 - Mérida, Yucatán, 20 de xullo de 1760. Foi consagrado bispo na igrexa de San Isidro de Madrid a 11 de outubro de 1744.

⁵⁹ Viera Clavijo 1950: 389.

José Masones de Lima enfermou gravemente na primavera dese mesmo ano, en La Laguna; transportado en cadeira de mans ata Santa Cruz, onde tiña fixada a súa residencia⁶⁰, morreu a 9 de setembro⁶¹. O mesmo día chegaba dende Madrid a noticia do seu ascenso a tenente xeneral de Chile, en substitución de José Antonio Manso de Velasco⁶², designado vicerrei do Perú. En realidade, aínda que o navío que o ía conducir ata Chile estaba preparado para partir dende Ferrol⁶³, o sardo renunciara cun despacho datado 24 de maio 1745⁶⁴. A noticia da morte chegou nas mans de Manso de Velasco a 24 de febreiro de 1746, probábel motivo polo cal relata que deixara o cargo “al marqués de Obando, de presidente interino hasta la llegada del provisto por el rey, que aunque fue don José de Lima Masones, por su fallecimiento recayó el empleo en don Domingo de Rozas, gobernador entonces de Buenos Aires”⁶⁵.

Tamén o seu irmán Francisco, nado en Núoro en 1694, tivo un papel importante na historia militar de España. Dende o seu servizo na mariña⁶⁶ como tenente da galera capitana⁶⁷, ascendeu aos altos cargos, sendo nomeado Coronel do Reais Exércitos en Valencia⁶⁸ a 5 de xaneiro do 1740⁶⁹, e Académico Honorario da Academia de Belas Artes de Santa Bárbara na mesma cidade, no 1754⁷⁰. Morreu a comezos de 1763⁷¹.

En canto ás irmás, casaron en Cágliari con membros da emparentada familia Manca: María con Félix Margens de Nin y Manca, a 3 de xaneiro de 1692⁷² (fixo de testemuña Antonio Cadello de Núoro⁷³), e María Ignacia con don Antonio Manca y Sanjust, último conde de San Xurxo, a 23 de xaneiro de 1724. María Ignacia é a única das irmás citadas no testamento de Jaime, no 1778, do cal foi herdeira xunto con outros familiares.

5. O papel da familia na Guerra de Sucesión española

Como e cando chegaron a España os Masones de Lima? A mudanza do viúvo don Xosé cos catro nenos —e, quizais, coas dúas fillas aínda doncelas— débese ás consecuencias da Guerra de Sucesión Española, trala morte de Carlos II, último rei da casa de Austria, no ano 1700. A nobreza sarda dividiuse en dúas faccións opostas: por unha banda, os filipistas, en favor de Filipe V, da casa de Borbón, e pola outra os carlistas, en apoio ao Arquiduque Karl VI von Habsburg, da casa de Austria, proclamado rei de España en 1706 co nome de Carlos III. Os Masones e os Mancas, xunto con outras familias nobres (os Bacallar-Sanna, os Castellví e os Nin, entre outras) tomaron parte no primeiro bando. Comprometéronse fortemente na defensa de Sardeña, especialmente tralo intento de invasión en torno a mediados do 1708, por parte de Carlos III: varios navíos da Armada Real Británica partiron cara ao porto de Terranova (preto da actual Ólbia) baixo o mando do almirante John Leake. Nese momento, don José Efisio atopábase en Núoro, de onde mandou organizar as tropas de infantaría e cabalaría dos distritos locais para a defensa das costas⁷⁴:

Joseph Masones y Manca gentil hombre de cámara de su magestad delegado de Su Excelencia con despachos de 19 y 20 del corriente mes de henero. Por quanto con el motibo de las voces que han introducido en el Reyno los enemigos pretendiendo turbar su quietud con la ideal suposición de que vendrán para invadirle, ha resuelto Su Excelencia que y passe (sic!) a residir por agora a mis lugares con el fin de que desde ellos pueda acudir al servissio de su Magestad (que Dios guarde) con mis vassallos y con las caballerias e infanterias de las encontradas de Nuoro, Biti y Oliena, y deviendo de prompto

⁶⁰ Millares Torres 1945.

⁶¹ Viera y Clavijo 1950: 717.

⁶² Manso de Velasco 1983: 18.

⁶³ Ramos Gómez 1985: 312-313.

⁶⁴ *Ibid.*

⁶⁵ Manso de Velasco 1983: 338.

⁶⁶ Carvajal y Lancáster et al. 1975: 396.

⁶⁷ AGS, DGT, I-24, 1106, 49.

⁶⁸ Martínez Martínez 2007: 156.

⁶⁹ Ozanam 2008.

⁷⁰ Ruiz Ortega 1999: 49.

⁷¹ Carvajal y Lancáster et al. 1975: 396.

⁷² Cañada 2003, v. 41: voz *Soutomaior*, indica erroneamente o ano 1704.

⁷³ Bautizado a 8 de decembro en Núoro cos nomes de Jaime Antonio, a súa nai era Balthasara Pirella Manca, probablemente unha parente afastada.

⁷⁴ O documento consérvase no arquivo privado da familia Nieddu, descendentes dos capitáns nel mencionados.

passar a la dicha de Bitti para la disposición de la cavalleria, e infantería de aquel partido, se deuen dejar en esta las ordenes combenientes, para que los capitanes Don Juan Esteban y Pedro Nieddu Guiso, que lo son de la cavalleria desta contrada, cumplan con efeto las ordenes de su Excelencia; por tanto en nombre de su Excelencia ordeno y mando tanto a los capitanes, y demás oficiales de las milicias desta encontrada, y villa de Oliena, como a los ministros de justissia de aquellas, obedescan, y cumplan puntualmente todo, y quanto por los dichos dapitanes Don Juan Esteuan, y Pedro Nieddu Guiso les fuere ordenado en orden, á que las cauallerias, e infanterias de este partido, y de Oliena esten prevenidas, y acudan personalmente con sus armas y cavallos y demás prienciones(?) al lugar y parte se le segnalare para cuyo cumplimiento y demas disposiciones que les tengo encargado les doy, y confiero en nombre de Su Excelencia todo poder bastante, y que fuere menester, usando de todos, y quales quier (sic!) medios, y diligencia que condusgan en las personas, y bienes de los inobedientes, quienes incurrirán en la pena de la desgracia de Su Magestad a cuyo fin mando expedir la presente.

En esta villa de Nuoro a los 26 de el mes de Henero 1708.

Don Joseph Masones
Por mandado de su S(eño)ría
Pedro Nieddu Guiso not.

Porén, no mes de agosto, o ataque dunha flota anglo-neerlandesa ía poñer fin á posesión española da illa. O día 12, segundo relata o xefe dos filipistas, don Vicente Bacallar y Sanna, a frota achegouse ao porto de Cágliari, sen atopar resistencia ningunha: os canóns do castelo non dispararon contra os navíos inimigos, pola traizón dos artilleiros que pasaran ao outro bando. Para a defensa da cidade “se ofrecieron prontos y con sincero ánimo don Félix Masones, conde de Montalvo, y su primogénito, don José; don Dalmáu Sanjust, conde de San Lorenzo, y sus hijos don Francisco Manca, conde de San Jorge, y don Félix Nin, conde del Castillo”⁷⁵.

O almirante John Leake enviou dúas cartas dirixidas ao vicerrei e ao maxistrado da cidade, solicitando a rendición inmediata; Cágliari foi conquistada definitivamente o día 15. Así, os homes máis leais ao vicerrei, don Vicente Bacallar e don José Masones, tiveron que refuxiarse en España, onde foron compensados pola súa fidelidade. A 21 de marzo de 1709, o Masones foi nomeado marqués da Illa Vermella⁷⁶, “para si y sus sucesores, con facultad de que elija entre sus hijos sucesor relebandole al mismo tiempo del derecho de media anata como tambien a Dⁿ Jaime Masones su hijo a quien nombró por sucesor”⁷⁷.

En España, o conde de Montalbo apoiou a causa de Maximilian II Emanuel de Baviera para suceder como Rei de Sardeña⁷⁸. De feito, o duque de Baviera entraba nos dereitos de sucesión ao trono, grazas ao seu primeiro casamento con María Antonia de Austria, neta de Filipe V.

Durante o 1709 o Masones e o Bacallar planificaron a reconquista da illa. No verán do ano seguinte, xunto con outros nobres sardos (entre eles, o Marqués de Láconi, co encargo de vicerrei de Sardeña, aínda que non efectivo), organizaron unha expedición formada por dous mil homes. O conde de Montalbo recibiu o encargo de mariscal de campo na expedición de Terranova, con catrocentos homes. A operación militar marchou dende Xénova a 15 de maio, pero rematou nun fracaso, xa que os británicos instalados na illa estaban en alerta grazas ás informacións recibidas polo trato secreto con Juan Francisco Pacheco —exvicerrei de Sicilia e daquela plenipotenciario de Italia—, quen revelou os plans inimigos⁷⁹. Vicente Bacallar tivo que reparar en Xénova, mentres que o conde de Montalbo foi preso e desterrado a Eivisa, onde estivo ata o verán 1713, segundo amosa unha carta do conde d’Albert a Max Emanuel datada 13 de xuño, onde o sardo xa figura liberado⁸⁰.

Noutra carta, do 20 de xuño, D’Albert informaba Max Emanuel dunha cea cos nobres sardos, listos para volver a Sardeña para a súa reconquista⁸¹:

⁷⁵ Bacallar y Sanna 1708: 318.

⁷⁶ Quesada 2006: 513. A “Isola Rossa” (o seu nome en italiano), sitúase no norte de Sardeña, fronte ao concello de Trinità d’Agultu e Vignola, ao que pertence.

⁷⁷ AGS, DGT, I-24, 702, 49.

⁷⁸ Bacallar y Sanna; Enders 2011.

⁷⁹ Frey 1995: 398.

⁸⁰ Bacallar y Sanna; Enders 2011: 163.

⁸¹ *Ibid*: 164. Tradución do italiano do autor.

Monseigneur [...]. Mañá estarán de cea aquí os condes de Castelo [Félix Margens de Nin e Manca, marido de María Masones de Lima] e de Montalvo: este é o sogro do outro, e pola súa natureza non é menos vivaz ca el, nin menos leal en prestar servizo á Súa Maxestade católica e aos seus aliados. [...] Prometéronme que, sempre e cando volvan ao servizo de España (e, polo que sei, isto é relativo só ao conde de Montalvo), irán a Sardeña cando o requira a Vosa Alteza Real, tanto para conquistar a illa, se for necesario, como para preparar o espírito dos habitantes en favor do seu novo Soberano. [...] Estes dous homes teñen en Sardeña moitos familiares, e tanto eles coma os seus amigos ou criados, estiveron a cargo de máis de 10-12000 homes contra o Arquiduque, e logo foron presos e postos baixo estrito control en Mallorca e Eivisa durante 5 anos.

En decembro dese ano redactouse un *Proxecto sobre Sardeña*, onde se detallaba o plan para a reconquista. Aquí, refírese outra vez sobre o apoio á causa dos nobres sardos, sobre todo de José Masones e da súa familia.

Tras volver á illa, o nobre casou en segundas nupcias con María Francisca Rodríguez, filla de don Juan Rodríguez, orixinario do Principado de Asturias, e de dona María Guitani. Desta segunda unión, ata agora só se coñecía a filla Ana María, que casou con Juan Pablo Manca e Zapata, XI marqués de Albis, a 3 de outubro 1734. Porén, o testamento de José Masones⁸² mostra que desta segunda unión houbo outra filla máis, pois no documento, redactado en Siniscola a 3 de xaneiro de 1730, atópase a listaxe de descendentes:

- Félix
- José
- Francisco
- Jaime
- Annita
- Mariquita
- Maria Ignacia

Dona “Mariquita Masones civitatis Calaris” é mencionada como madriña nun bautizo en Núoro, a 25 de agosto de 1764⁸³.

Contrariamente ao que se pensaba ata agora, non todos os fillos varóns de José Masones comezaron a carreira militar na península. En canto ao maior, Félix Fernando, non se coñecen detalles persoais ata o seu casamento coa súa curmá María Laura Masones, celebrado en Cagliari a 16 de xullo de 1714, e carece de lóxica pensar que “de vez en cuando haya estado al lado de su padre en Cerdeña, quizás aprovechando esta oportunidad para casarse, en fecha desconocida, con su prima”⁸⁴. Tras este acontecemento, comezou o seu oficio de embaixador.

José ingresou no Real Exército a comezos de 1712 e a 8 de xullo do mesmo ano mercou unha patente de capitán, servindo nos Rexementos de Infantaría de Sicilia e Portugal. A 24 de novembro do ano anterior mercara o grao de coronel⁸⁵, para logo desempregar como tal no Terzo de Sardeña, creado en Pamplona a 10 de febreiro de 1718, trala súa restauración despois de que a illa pasara outra vez ás mans españolas grazas aos tratados de Rastatt e Baden, asinados en marzo e setembro de 1714⁸⁶.

O Archivo General de Simancas proporciona datos inéditos incluso sobre Jaime. Mentres que Ozaman (s.d.) indica que se incorporou no 1719 aos rexementos dos Dragóns de Lusitania, o seu estado de servizo⁸⁷ amosa que o 28 de setembro dese ano obtivo a patente como capitán no rexemento dos Dragóns de Cagliari, onde militou durante máis de dous anos. A división sarda foi sucesivamente reformada e agregada ao rexemento de Lusitania, o 31 de xaneiro de 1722, onde o nobre quedou outros 5 meses antes de obter a nova patente o 18 de xullo. Estivo no corpo ata o decembro do 1735, cando abandonou a carreira polo empeoramento da vista, emprendendo a carreira diplomática.

A folla de servizo indica que

Tiene mucha aplicación, zelo, y valor para la guerra con circunstancias apreciables p(o)r su intelig(enci)a. (...) Avandonó su casa, y Patria en Zerdeña para yntroducirse en el servicio, y levantó a su costa una compañía d Dragones, es muy capaz, y por sus claros talentos, se à consultado para diferentes regimientos.

⁸² Archivo AMAT, Test 44.

⁸³ Archivo Histórico Diocesano de Núoro, Reg. nº 16 - bautizos.

⁸⁴ Ozanam s.d.

⁸⁵ *Ibid.*

⁸⁶ Guzmán Dávalos s.d.: f. 53.

⁸⁷ AGS, SGU, LEG, 2480, 4, 7.

A posesión da illa por parte de España non foi duradeira, pasando ás mans da Casa de Savoia co tratado de Londres en 1720, a cambio de Sicilia. José Efisio quedou na súa patria de nacemento, mantendo a baronía de Posada. O seu nome, xunto co do fillo Félix, aparece na listaxe redactada no 1720 dos cabaleiros habilitados nas últimas Cortes celebradas en Sardeña (1698), para comprobar os títulos a recoñecer polo novo monarca⁸⁸. Nos poucos documentos sardos desta época, Núoro aparece aínda unha das residencias habituais de don José, quen, con escritura dada na vila a 22 de xullo de 1723, cedeu o título de marqués da Illa Vermella aos seus descendentes⁸⁹:

En esta villa de Núoro del Reyno de Cerdeña á los 22 días del mes de julio año del nascim(ient)o de n(uest)ro S(eño)r Jh(es)u Christo 1723.

Sepan todos los que esta carta de cession y renuncia vieren, leyeren, y oyeren de como el Ill(ustr)e S(eño)r D(o)n Joseph Masones, y Manca conde de Montaluo, Barón de Posada, y Marqués de Isla Roxa, dize, que por quanto el S(eño)r

Rey Felipe quinto en el año de 1709 le hizo merced del titulo de Marqués de Castilla con la circunstancia de q(ue) pudiese dejar esta merced al que gustare de sus hijos; por tanto usando desta concessión con tenor de esta pú(bli)ca escritura, en todo el mejor modo que puede, y deue, de su buen grado, y cierta siencia, y de su buen ánimo cede, y renuncia, y con título de cession, y renuncia otorga y consiente á su hijo D(on) Jaime Masones de Lima ausente, como si fuese presente para si, y hijos varones descendientes del mismo, y en falta dellos á D(on) Fran(cis)co Masones de Lima hermano de d(ic)ho D(on) Jaime, y en falta de varon al primogenito de los condes de Montalvo sus descendientes, para q(ue) puedan gosar del referido título si y segun el Ill(ustr)e renunciante, y otorgante lo ha tenido y gosado y suplicando a Su Mag(esta)d la acepte en la forma se le concedió, y p(r)omete hacer por firme desta cession y renuncia y no revocarla por ningun pretesto assi lo juro, y firmó de su mano en los referidos día mes, y año.

El Conde de Montalvo
Marqués de Isla Roja



Imaxe 4. A igrexa de N. S. do Rosario, lugar de sepultura de José Masones e Manca, Siniscola (Nuoro).
Foto de Elena Pinna.

⁸⁸ Archivio di Stato di Cagliari, Segreteria di Stato e di guerra del Regno di Sardegna, Serie 2, vol. 57 (1738-1798), f. 4.

⁸⁹ Archivio di Stato di Nuoro, Notario Pietro Nieddu Guiso. A cesión do título menciónase tamén en AGS, DGT, I-24, 1106, 49.

⁹⁰ Moreddu 2017: 461.

Así e todo, cara ao final da súa vida o vello conde de Montalbo debeu de escoller a vila de Siniscola como residencia, xa que morreu nela o 11 de xaneiro de 1730, tras testificar no día 3. O seu corpo foi sepultado na capela do Rosario, na antiga parroquial da vila (dedicada a Santa Anastasia): no seu lugar, en 1773 foi construída unha nova igrexa coa mesma intitulación (Imaxe 4). A viúva María Francisca Rodríguez volveu a Cágliari, onde se atopa unha mención por cuestións de herdanza, o 27 de setembro do ano 1747⁹⁰.

6. Conclusións

Moito queda por investigar sobre os membros menores da familia Masones-De Lima. Un claro

exemplo son as etapas da carreira militar de José e Francisco, apenas bosquexadas. De todos os xeitos, este artigo proporciona unha primeira reconstrución xenealóxica da familia, a través de datos inéditos de nacemento, matrimonio e defunción dalgúns dos seus membros. O arraigamento da liñaxe ás vilas de Núoro, Posada e Siniscola amplía a visión reducida das publicacións históricas sobre esta como outras familias, amosando que os intereses económicos e feudais influenciaban os seus desprazamentos ao longo da illa. Ademais, tras cruzar datos publicados e documentos inéditos, ofrécese por primeira vez unha visión completa (aínda que ampliábel) do papel desenvolvido polos membros desta liñaxe no proceso de reconquista de Sardeña no marco da guerra de sucesión española⁹¹.

8. Referencias bibliográficas

8.1. Fontes primarias

- Arquivo Amat, Test 47: testamento de don Juan Estevan Masones, Cágliari 26 de xuño de 1651.
 Arquivo Amat, TEST 48: testamento de don Jaime Masones De Lima, Madrid 28 de febreiro de 1778.
 Arquivo Amat, TEST 78: testamento de don Francisco Masones y Manca, Cágliari 24 de xullo de 1708.
 Archivio dell'Ordine dei Frati Minori di Cagliari, n. 737, 22 de outubro de 1650: carta de don Juan Estevan Masones y Corella ao ministro provincial dos franciscanos.
 Archivio di Stato di Cagliari, Antico Archivio Regio, Serie 3, Cat. III, Parlamenti, Cod. Un. 21, Parlamento Camarassa.
 Archivio di Stato di Cagliari, atti notarili, tappa di Cagliari, atti legati, 81, notaio Joan Francisco Bayardo, ff. 1r-13v.
 Archivio di Stato di Nuoro, Notario Pietro Nieddu Guiso, acta redactada en Núoro a 23 de xullo de 1723: cesión do título de Marqués da illa Vermella por parte de don José Masones y Manca aos seus descendentes.
 Archivo General de Simancas, DGT, I-24, 702, 49: Conde de Casa Fuerte, José Masones a Jaime Masones.
 Archivo General de Simancas, DGT, I-24, 1106, 49: Título de Castilla conzedido á Don Joseph Masones, y verificado en otro con el nombre de Conde de Casa Fuerte.
 Archivo General de Simancas, SGU, LEG, 2480, 4, 7: Hoja de servicios de Jaime Masones, capitán del regimiento de Dragones de Lusitania.
 Archivo Histórico Nacional, DIVERSOS-COLECCIONES, 91, nº 83: José de Lima Masones, coronel del Regimiento de Infantería de Galicia, solicita al Rey que declare a dicho Regimiento como sucesor del antiguo de Lombardía.
 Archivo Histórico Nacional, DIVERSOS-COLECCIONES, 195, nº 9: Memorial del brigadier José de Lima Masones y Sotomayor, coronel del Regimiento de Infantería de Galicia, relativo a la antigüedad de su regimiento y el orden que deben guardar las tropas reales.

⁹¹ Decidín escribir este artigo en lingua galega en homenaxe ás raíces da rama De Lima-Soutomaior. Así mesmo, Galiza é a terra que me acolle actualmente e da cal estou profundamente namorado. Desexo outorgar os meus agradecementos: á miña curmá Elena Pinna, pola foto da igrexa do Rosario en Siniscola. A Francesco Ganga, polo acto de morte de dona Beneta Masones en Nuoro, en 1674. A Vincenzo Amat di San Filippo, pola transcripción do testamento de Francisco Masones y Manca e de Jaime Masones de Lima y Soutomaior conservados no seu arquivo familiar. A Guido Massacci, pola investigación nos documentos parroquiais de Sici e de Posada. Ao amigo Giacomo Floris, exprofesor na Universidade de Barcelona, polo intercambio de informacións, pola proposta da revista e polo apoio continuo á miña actividade secundaria de investigador histórico. A Carlos J. Galbán Malagón, por facer de trámite coa revista e polo seu apoio. A Laura, pola primeira revisión lingüística. E por estar sempre ao meu lado.

Archivo Histórico Nacional, OM-CABALLEROS_SANTIAGO, Exp. 5006: Expediente para el cabaleirato de Santiago de Félix Fernando Masones de Lima.

Real Academia de la Historia, T-69: Memorial en hecho del pleyto sobre la Baronía de Galtelli, y Encontrada de Orosey, y demas villas y lugares de las dichas Baronía y Encontrada en el Reyno de Cerdeña, Que pende en el S. S. R. Consejo de Aragón, entre don Gavino de Cardona y Guiso, Actor demandante, y don Juan Fabricio Manca y Guiso, reo demandado, en grado de suplicación de la sentencia dada por la Audiencia Real del dicho Reyno, con votos del dicho Consejo Supremo, publicada en 23 de Agosto, año 1622. Por el Dr. Gabriel Berart, relator.

8.2. Fontes secundarias

Bacallar y Sanna, Vicente (1708): *Comentarios de la Guerra de España, e Historia de su Rey Phelipe V el Animoso, desde el principio de su reynado hasta el año de 1725*. Disponible en línea: <https://www.cervantesvirtual.com/obra/comentarios-de-la-guerra-de-espana-e-historia-de-su-rey-phelipe-v-el-animoso-desde-el-principio-de-su-reynado-hasta-el-ano-de-1725--dividido-en-dos-tomos/> [consulta: 29/11/2021].

Bacallar Sanna, Vincenzo; Sabine Enders (eds.) (2011): *La Sardegna paraninfa della pace e un piano segreto per la sovranità 1712-1714*. Stuttgart: Giovanni Masala Verlag (Colección *Sardinna*) [O libro outorga a autoría da obra anónima *La Sardaigne paranymphe de la paix aux souverains de l'Europe* (1714) Bologna. Unha copia en francés está dispoñíbel na colección Sardegna Digital Library: <http://www.sardegna.digitallibrary.it/mmt/fullsize/2009031317154300032.pdf>].

Cañada, Silverio (2003): *Gran Enciclopedia Galega*, vol. 41. Lugo: El Progreso.

Carvajal y Lancaster, José de; Didier Ozanam e Fernando de Silva Álvarez de Toledo y Haro Huéscar (duque de) (1975): *La diplomacia de Fernando VI: correspondencia reservada entre D. José de Carvajal y el duque de Huéscar, 1746-1749*. Madrid: CSIC.

Escubedo G. Alberú, José (1928): *La universidad de Canarias. Apuntes para su historia desde su primera fundación en 1701 hasta el presente*. Madrid: Librería general de Victoriano Suárez.

Fluvià y Escorsa, Armando de (1966): “Títulos nobiliarios concedidos a familias catalanas”, en Ayuntamiento de Barcelona, *Materiales para la historia institucional de la ciudad*, Vol. XVI. Barcelona: Instituto Municipal de Historia.

Frey, Linda e Marsha (1995): *The Treaties of the War of the Spanish Succession: An Historical and Critical Dictionary*. Westport, CT: Greenwood Press.

Guzmán Dávalos, Jaime Miguel de, Marqués de la Mina (1689-1767): *Memorias sobre la Guerra de Cerdeña, Sicilia y Lombardía con reflexiones militares del Excelentísimo Jaime Miguel Dávalos Spinola, Marqués de la Mina*, vol. 1. Biblioteca Nacional Española, Ms. 5590. Disponible en línea: <http://bdh.bne.es/bnearch/detalle/bdh0000015437> [consulta: 29/11/2021].

Hernández Rodríguez, Germán (1980): “La aportación de la isla de La Gomera al poblamiento de la Luisiana 1777-1778”, en *IV Coloquio de Historia Canario-Americana*, 1980, pp. 226-248. Disponible en línea: <https://revistas.grancanaria.com/index.php/CHCA/article/view/7289/6204> [consulta: 29/11/2021].

Loddo-Canepa, Francesco (1954): “Origen del cavallerato y de la nobleza de Cerdeña”, *Archivio Storico Sardo* XXIV, pp. 269-424.

Manso de Velasco, José A. (1983): *Relación y documentos de gobierno del virrey del Perú*. Madrid: CSIC.

Martínez Martínez, Manuel (2007): *Los forzados de Marina en el siglo XVIII. El caso de los gitanos (1700-1765)*. Almería: Universidad de Almería.

Millares Torres, Agustín (1945): *Historia general de las Islas Canarias*. La Habana: Ed. Selecta. Disponible en línea: <http://mdc.ulpgc.es/cdm/compoundobject/collection/MDC/id/124218/rec/3> [consulta: 29/11/2021].

Moreddu, Salvatore (2017): *Oltre il mare di Sardegna. Storie di mercanti e patroni tra il XVII e il XIX secolo*. Città di Castello: Nuova Phromos.

Oggianu, Luigi (1957): “La baronía di Posada”, *Archivio Storico Sardo* XII, pp. 1-86.

Ozanam, Didier (2008): *Los capitanes y comandantes generales de provincias en la España del siglo XVIII*. Córdoba: Publicaciones de la Universidad de Córdoba.

——— (2001): *Un español en la corte de Luis XV. Cartas confidenciales del embajador Jaime Masones de Lima, 1752-1754*. Alicante: Universidad de Alicante.

——— (s.d.): “Biografía de José Masones de Lima y Sotomayor”, en *Real Academia de la Historia*, <http://dbe.rah.es/biografias/53770/jose-masones-de-lima-y-sotomayor> [consulta: 29/11/2021].

- Pinna, Salvatore (2018): *I Pirella. Origine e ascesa di una famiglia della Nuoro feudale*. Poggibonsi: 13Lab.
- (2019): “La famiglia Manca di Nuoro. Nuove evidenze documentarie”, setembro, http://www.araldicasardegna.org/storia_nobilita/articolo_manca.pdf [consulta: 29/11/2021].
- (2020): “P. Jerónimo Minutili di Benetutti missionario gesuita esponente di una famiglia napoletana trapiantata in Sardegna nel XV secolo”, *Insula Noa* 2 (setembro), pp. 157-178.
- (2022): *Da Nùgor a Nùoro. Studi storici su un villaggio medievale sardo*. Città di Castello: NuovaPrhomos.
- Pinto de la Rosa, José María (ed.) (1948): *Datos para la historia de las Casas de Herrera y Saavedra*. Las Palmas de Gran Canaria: Ed. I. M. Alzola.
- Ponte, Vasco da (1986): *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*. Santiago de Compostela.
- Porru, Luca (2016): *I baccellieri di Orani. Élités rurales, fiscalità feudale e ascesa sociale nella Sardegna moderna*. Tese de doutoramento. Universidade de Cágliari, A.A. 2015-2016, <http://www.araldicasardegna.org/tesi/porru.pdf> [consulta: 29/11/2021].
- Quesada, José Isidro (2006): *Paseo genealógico por la Argentina y Bolivia*. Buenos Aires: Centro de Genealogía de Entre Ríos.
- Ramos Gómez, Luis Javier (1985): *Las noticias secretas de América de Jorge Juan y Antonio de Ulloa (1735-1745)*, tomo I. Madrid: CSIC.
- Ruiz Ortega, Manuel (1999): *La Escuela Gratuita de Diseño de Barcelona, 1775-1808*. Barcelona: Biblioteca de Catalunya.
- Sancha, Antonio de (1787): *Memorias de la Sociedad Económica*, vol. 4. Madrid: Impresora de la Real Sociedad.
- Santiago Crespo, José (1997): *Blasones y linajes de Galicia*, tomo IV. A Coruña: Boreal Ed.
- Seguín, Pedro (1646): *Historia / De Don Servando, Obispo de Orense / traducida en lengua gallega y adicionada por Pedro Seguino, Obispo también de Orense...* Vigo: Biblioteca da Fundación Penzol.
- Souto Cabo, José Antonio (1994): “Noticia da História de D. Servando: o original e as copias”, en E. Fidalgo e P. Lorenzo Gradín (coords.), *Estudios Galegos en Homenaxe ó Profesor Giuseppe Tavani*. Santiago de Compostela: Centro de Investigación Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, pp. 269-273.
- (2007): *A história de Don Servando*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos / Catedral de Santiago de Compostela. Cabildo.
- Tasca, Cecilia (2011): “L’ordine militare di Santiago de la Spata e la Sardegna: fonti documentarie e iconografiche”, *Ammantu* 1, pp. 159-178.
- Ubieto Arteta, Antonio (ed.) (1985²): *Crónica Najariense*. Colección Textos medievales, n. 15. Zaragoza: Anubar Ediciones, <https://www.anubar.com/coltm/pdf/TM%2015%20Cronica%20Najariense.pdf> [consulta: 29/11/2021].
- Vico y Artea, Francisco de; Francesco Manconi (ed.) (2004): *Historia general de la isla y reyno de Sardaña. Sexta parte*. Cagliari: Centro di studi filologici sardi / CUEC.
- Viera Clavijo, Joseph de (1950): *Historia de Canarias*, tomo I. Santa Cruz de Tenerife: Goya.
- (1776): *Noticias de la Historia General de las Islas de Canaria*, tomo III. Madrid: Blas Román Ed.

8.3. Outras referencias web

- Associazione Araldica Genealogica Nobiliare della Sardegna (s.d.): *Dizionario onomastico familiare Masones*, http://www.araldicasardegna.org/genealogie/dizionario_onomastico_familiare/masones.pdf [consulta: 29/11/2021].
- Biblioteca Digital de España, Hemeroteca Digital (1849): *El Archivo Militar*, 8 de marzo, <http://hemerotecadigital.bne.es/issue.vm?id=0005420452&page=1&search=&lang=es> [consulta: 29/11/2021].
- Gaceta de Madrid* (1725): 20 de febreiro, p. 32, <http://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1725/008/A00032-00032.pdf> [consulta: 29/11/2021].
- Gaceta de Madrid*, núm. 13 (1732): 25 de marzo, p. 56, <https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1732/013/A00056-00056.pdf> [consulta: 29/11/2021].

